

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE PROFESORADO, DOCENCIA E TITULACIÓN 2/2022, DO 28 DE XULLO DE 2022, SOBRE O PROCEDIMENTO DE MATRÍCULA CONDICIONADA NAS TITULACIÓNS DE MESTRADO

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto desta normativa é regular o procedemento para a matrícula condicionada nos estudos de mestrado da Universidade de Vigo (UVigo), de conformidade co artigo 18.4 do RD 822/2021, do 28 de setembro de 2021, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade.
2. Garantirase a prioridade na matrícula do estudiantado que dispoña do título universitario oficial de grao. Para tal fin, a universidade publicará, no calendario relativo á matriculación de mestrado, a data a partir da cal se resolverán as solicitudes das e dos estudantes que cumpran os requisitos para a matrícula condicionada, tal e como se establecen no artigo 2 desta normativa.
3. Só se permitirá a matrícula condicionada nas titulacións de mestrado nas que a súa comisión académica así o decida, e indicarse expresamente no momento en que se solicita o terceiro prazo de matrícula.

Artigo 2. Requisitos dos e das solicitantes

1. Poderán solicitar a matrícula condicionada a un mestrado universitario da Universidade de Vigo as e os estudantes que, no momento de preinscribirse, cumpran calquera destes dous requisitos:
 - a) Só teñan pendente a acreditación do nivel de idioma estranxeiro segundo a normativa de acreditación do coñecemento dunha lingua estranxeira para obter o título de grao da Universidade de Vigo.
 - b) Réstelles por superar o TFG e, como máximo, outros nove créditos ECTS. Para os efectos dos devanditos nove créditos, computaranse os créditos pendentes de recoñecemento ou transferencia no título de grao, no momento da preinscrición.
2. Quedan excluídas as solicitudes que acrediten títulos universitarios alleos ao sistema universitario español non finalizados na súa totalidade.

Artigo 3. Resolución das persoas admitidas

1. Unha vez resoltas as solicitudes de admisión ao mestrado dos e das estudantes que acrediten estar en posesión dun título de grao por parte da comisión académica de mestrado, e sempre que queden prazas libres na correspondente titulación, a devandita comisión valorará o perfil de admisión dos e das estudantes de matrícula condicionada, de acordo coa seguinte orde de prelación:
 - a) Criterios específicos relativos ao perfil de ingreso de cada mestrado definidos na súa memoria verificada e outros criterios específicos aprobados pola comisión académica de mestrado.
 - b) Estudantes que unicamente teñan pendente a acreditación do nivel de idioma estranxeiro para obter o título de grao.
 - c) Estudantes pendentes de superar o TFG. No caso de igualdade, terase en conta a nota media obtida no resto das materias superadas do grao.

- d) Estudantado que, ademais do TFG, teña créditos pendentes. Nese caso, priorizarase a admisión dos e das estudantes que menos créditos pendentes teñan. No caso de igualdade, terase en conta a nota media dos créditos superados.
1. Unha vez admitido no mestrado solicitado, cada estudante que cumpra coas condicións requiridas para acceder a partir do procedemento de «matrícula condicionada» deberá realizar o proceso ordinario de matriculación habilitado nos mestrados oficiais.
 2. Deberase fixar un prazo de reclamacións e, unha vez transcorrido este, publicarase a relación definitiva de estudantes admitidos no mestrado. Contra a resolución de admisión definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes contado desde o día seguinte á data de publicación da relación definitiva.

Artigo 4. Efectos da matrícula condicionada

1. A Universidade de Vigo publicará as datas para formalizar a matrícula condicionada.
2. O estudantado que realice a matrícula condicionada nun título do mestrado estará rexido polas mesmas normas que os e as estudantes con matrícula ordinaria. Con todo, ata que non regularicen a súa matrícula, terán as seguintes restricións:
 - a) En ningún caso se poderá obter o título de mestrado se previamente non se obtivo o título de grao.
 - b) O pagamento das taxas administrativas e académicas xeradas pola matrícula condicionada efectuarase da mesma forma que a establecida para a matrícula ordinaria, tal e como se indica no Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos universitarios, da comunidade autónoma de Galicia, para o curso académico no que se efectúe a matrícula condicionada.
 - c) Cada estudante poderá solicitar a documentación acreditativa de estudos con matrícula condicionada, durante o período en que permaneceu nesa situación, e quedara constancia diso no seu expediente académico.
 - d) A obtención do título de grao será un requisito necesario para poder matricularse na materia Tránsito fin de mestrado.

Disposición transitoria

Para o curso 2022/2023, establécense os seguintes prazos para as solicitudes do estudantado que cumpra os requisitos para a matrícula condicionada:

- Período de preinscrición: do 26 o 28 de setembro de 2022
- Listaxe provisional de estudantes admitidos: 4 de outubro de 2022
- Período de reclamacións: do 5 o 7 de outubro de 2022
- Listaxe definitiva de estudantes admitidos: 12 de outubro de 2022
- Período de matrícula: 13 e 14 de outubro de 2022

Disposición derradeira

Tras publicarse a presente normativa, esta entrará en vigor a partir do curso académico 2022/2023.

Asinado dixitalmente en Vigo.

O Vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións

Alfonso Lago Ferreiro